

Adaptación da programación 2019/2020

**CENTRO: CEIP APÓSTOLO SANTIAGO
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA
DATA: 12/05/20**

ÍNDICE

1. ÁREAS DE CIENCIAS, LINGUAS, MATEMÁTICAS E VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

2. ÁREA DE INGLÉS.

3. ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA.

4. ÁREA DE MÚSICA.

5. ÁREA DE PLÁSTICA: ARTS

6. ÁREA DE RELIXIÓN.



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

CIENCIAS DA NATUREZA		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1.- Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.	CD
	CNB1.1.2- Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	CNB2.1.3- Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.	CSC
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	CNB2.2.2- Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e tempo de lecer coa propia saúde.	CMCCT
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.3-Amosa conductas de respecto e coidado cara os seres vivos.	CMCCT
B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1- Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.	CCL
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	CNB4.1.1- Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.	CSIEE
	CNB4.1.2- Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.	CMCCT
B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas e simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá.	CNB5.1.1- Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.	CSC
	CNB5.1.2- Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.	CSIEE
B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema	CNB5.2.2- Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.	CD

formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.		
---	--	--

CIENCIAS SOCIAIS		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
B1.1- Realiza traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	CSB1.1.1 - Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras	CD
	CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE
	CSB1.1.4.- Identifica a terminoloxía propia da área.	CCL
B2.1- Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	CSB2.1.1 - Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	CD
	CSB2.1.2 - Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima.	CCL
B2.8- Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	CSB2.8.1- Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.	CAA
B3.1- Coñecer a organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	CSB3.1.1 - Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia	CMCCT
B3.3- Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	CSB3.3.1 - Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.	CSC
B3.8- Coñecer algunha das grandes manifestacións culturais que se celebran na escola valorando a súa diversidade e contribuíndo á súa conservación.	CSB3.8.1 - Cita e valora algunha das festas propias do outono e do inverno que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.	CCEC

LINGUA GALEGA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1- Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	CSIEE
	LGB1.3.3.- Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.	CCL
	LGB1.3.4- Participa no traballo en pequeno grupo.	CSIEE
B1.5- Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.3- Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	CCEC
B1.10- Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.	LGB1.10.1- Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	CCL
	LGB1.10.2- Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	CCEC
B2.1 Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.1- Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.	CD
B2.2- Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	LGB2.2.1- Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CMCCT
B3.2- Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	LGB3.2.1- Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos.	CAA
B3.3- Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	LGB3.3.1- Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic,..	CAA
B4.2- Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4. 2.1- Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de	CCEC

	cinguirse a elas.	
B5.4- Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LGB5.4.1- Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CSC

LINGUA CASTELÁN		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra.	LCB1.1.2- Aplica as normas socio- comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	CSC
B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	LCB1.4.1- Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	CCL
B1.6. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de comunicación.	LCB1.6.1- Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	CAA
B1.9. Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia correcta.	LCB1.9.1- Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	CSIEE
B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1- Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	CCL
B2.5. Progresar na adquisición do hábito lector.	LCB2.5.1- Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	CD
B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	LCB4.6.1- Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CSC
B5.1. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información.	LCB5.1.1- Identifica textos sinxelos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas.	CCEC
B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	LCB5.5.1- Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCEC

MATEMÁTICAS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
B1.1- Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	MTB1.1.1- Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade. (CCL)	CCL
B1.2- Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático feito.	MTB1.2.1- Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas. (CAA)	CAA
B1.3- Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.	MTB1.3.1- Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. (CD)	CD
B2.1- Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1- Le, escribe e ordena números ata o 99. (CCL)	CCL
B2.2- Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.1- Utiliza os números ordinais en contextos reais. (CMCCT)	CMCCT
B2.3- Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.3- Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos. (CMCCT)	CMCCT
B2.4- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1- Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. (CAA)	CAA
B3.6- Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e	MTB3.6.2- Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados. (CSIEE)	CSIEE

reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.		
--	--	--

VALORES SOCIAIS		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS CLAVE
B1.1- Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	VSCB1.1.3 - Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.	CCL
B1.3- Autorregular as condutas cotiás e adquirir algunha estratexia de control dos impulsos.	VSCB1.3.3 - Interpreta o contorno e desenvólvese nel con autonomía	CSIEE
B2.2- Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas.	VSCB2.2.2 - escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo	CSC
B2.3- Comprender as outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	VSCB2.3.4 - Dramatiza feitos observados, reflectindo os sentimentos e estados de ánimo dos e das protagonistas.	CCEC
B3.4- Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.4.1- Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	CSC
B3.2- Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.	VSCB3.2.1 - Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade.	CAA

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as . Resolución de problemas e das actividades propostas. Intercambios comunicativos cos alumnos/as a través de diferentes soportes tecnolóxicos. Posta en común dos traballos a través de diferentes soportes tecnolóxicos.</p> <p>Instrumentos: Diario dos traballos feitos. Textos escritos. Resolución das actividades propostas. Producións plásticas. Producións en diferentes soportes, fotos, vídeos, audios,...</p>																
Cualificación final	<p>As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final.</p> <p>Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma.</p> <p>Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redondéase a esa unidade.</p> <table border="1" style="margin-left: auto; margin-right: auto;"> <thead> <tr> <th>1ª</th> <th>2ª</th> <th>Media</th> <th>50% ou máis</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td style="text-align: center;">7</td> <td style="text-align: center;">5</td> <td style="text-align: center;">6</td> <td style="text-align: center;">7</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">6</td> <td style="text-align: center;">5</td> <td style="text-align: center;">5,5</td> <td style="text-align: center;">6</td> </tr> <tr> <td style="text-align: center;">8</td> <td style="text-align: center;">9</td> <td style="text-align: center;">8,5</td> <td style="text-align: center;">9</td> </tr> </tbody> </table> <p>O alumnado que teña unha nota media inferior a cinco se a nota da segunda é 5 ou máis terase en conta a nota da segunda e sobre esta aplicarase o criterio anterior.</p> <p>Se a nota da primeira é superior a cinco e segunda inferior calcularase a media e sobre esta aplícase o traballo realizado a partires do 15 de maio .</p> <p>Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.</p>	1ª	2ª	Media	50% ou máis	7	5	6	7	6	5	5,5	6	8	9	8,5	9
1ª	2ª	Media	50% ou máis														
7	5	6	7														
6	5	5,5	6														
8	9	8,5	9														

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>A maioría das actividades propostas estarán encamiñadas ó repaso dos contidos xa aprendidos por parte do alumnado, así como se incluírán actividades de recuperación e reforzo para aqueles alumnos que teñan algunha materia pendente, especialmente no caso das materias instrumentais.</p> <p>Propoñeranse actividades de ampliación ó alumnado que teña superado amplamente os contidos xa traballados.</p> <p>A atención á diversidade estará moi presente á hora de propoñer as diferentes actividades</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>A metodoloxía será o máis activa posible partindo dos contidos xa traballados na aula, unha metodoloxía global que contribúa a desenvolver as CC dun xeito transversal. Tendo en conta a situación actual do noso alumnado a metodoloxía buscará espertar o interese das nenas e nenos para que se manteñan motivados e activos.</p> <p>Utilizaranse diferentes estratexias para chegar a todo o alumnado, ós que teñen conectividade a través da Aula Virtual, aproveitando o máximo as novas tecnoloxías e os que non teñen conectividade buscarase a mellor maneira de facerlles chegar ós traballos: repartiranse persoalmente no centro ás familias que se achegan por diferentes motivos, a través do correo ordinario,...</p> <p>A atención á diversidade será fundamental e terase en conta a situación particular e familiar de cada alumna e alumno ó longo deste trimestre.</p>
Materiais e recursos	<p>A maior parte dos materiais serán elaborados polas mestras, buscarase sacar o mellor partido das novas tecnoloxías, Aula Virtual, páxinas webs dinámicas (Genially, blogs,..), vídeos,...</p> <p>Buscarase, ademais, aproveitar o que poidan ter pola casa como material de refugallo, para que eles mesmos fagan ós seus propios materiais...</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:
CURSO:
MATERIA:
DEPARTAMENTO:DATA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión. (CL) (1)
B1.1.	PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. (CL) (1)
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos). (CL) (CSC) (1)
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos (CSC) (1,5)
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. (CL) (1'5)
B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto	PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran. (CAA) (1'5)
B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me). (CSC) (1'5)
B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.	PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc. (CSC) (1)

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 5	CENTRO: Ceip Apóstolo Santiago CURSO: 1ºE.P. MATERIA:Lingua estranxeira (Inglés)
---	---------------	---

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Observación diaria (seguimento do alumnado), tarefas escritas tanto para o alumnado cunha media de aprobado nas dúas primeiras avaliacións coma para aqueles que non. Si presentan tarefas durante este 3º trimestre a súa calificación sería de aprobado.Contacto habitual co alumnado.</p> <p>Instrumentos: Aula virtual, correo electrónico, video-conferencias (webex). Whatsapp. Rúbricas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final. Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma.</p> <p>Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redóndese a esa unidade.</p>

Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendiente	Criterios de avaliación: Non teño alumnado con materia pendente.
	Criterios de cualificación: Non teño alumnado con materia pendente.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non teño alumnado con materia pendente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Tarefas de reforzo e repaso dos contidos da 1º e 2º avaliación, estas tarefas poden ser desempeñadas polo alumnado de maneira autónoma, xa que foron previamente traballadas na aula.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O alumnado con conectividade accede á aula virtual e/ou ó correo electrónico. Aqueles /as sin conectividade reciben as tarefas ou ben recollendo o material no centro ou a través do correo ordinario.
Materiais e recursos	Tarefas ou ficheiros que se adxuntan na aula virtual: Fichas de repaso/reforzo, encrucillados,xogos, sudokus...

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

PÁXINA 4 DE 5

CENTRO: Ceip Apóstolo Santiago CURSO:1º E.P.
MATERIA:Lingua estranxeira (Inglés)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado:</p> <p>Atención diaria ó alumnado respostando na aula virtual, ós correos electrónicos e facendo video-conferencias.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro:</p> <p>Publicación semanal de tarefas na aula virtual e mandando as tarefas ós titores para aquel alumnado sin conectividade.</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 5 DE 5	CENTRO: Ceip Apóstolo Santiago CURSO:1º E.P. MATERIA:Lingua estranxeira (inglés)
---	---------------	---

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP Apóstolo Santiago

CURSO: 1º de primaria

MATERIA: Educación Física

DATA: 05 / 05 / 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1º CURSO	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.	EFB1.2.1- Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	EFB3.1.1 - Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
	EFB3.1.2 - Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
	EFB3.1.3 - Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
	EFB3.1.4 - Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.1 - Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
	EFB4.1.2 - Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.	EFB6.2.1 - Practica xogos libres e xogos organizados.
	EFB6.2.2 - Recoñece xogos tradicionais de Galicia

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Análise de produción do alumnado, mediante contacto telefónico, correo electrónico e aula virtual, con fotografía, vídeos ou textos explicativos.</p> <p>Instrumentos: Folla de rexistro de actividades onde se irá tomando nota de todas as tarefas enviadas e comunicadas.</p>																				
Cualificación final	<p>As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final.</p> <p>Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma.</p> <p>Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redondease a esa unidade.</p> <table border="1" style="width: 100%; text-align: center;"> <thead> <tr> <th>1ª</th> <th>2ª</th> <th>Media</th> <th>50% ou +</th> <th>- do 50%</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>7</td> <td>5</td> <td>6</td> <td>7</td> <td>6</td> </tr> <tr> <td>6</td> <td>5</td> <td>5,5</td> <td>6</td> <td>5</td> </tr> <tr> <td>8</td> <td>9</td> <td>8,5</td> <td>9</td> <td>8</td> </tr> </tbody> </table> <p>O alumnado que teña unha nota media inferior a cinco se a nota da segunda é 5 ou máis terase en conta a nota da segunda e sobre esta aplicarase o criterio anterior.</p> <p>Se a nota da primeira é superior a cinco e segunda inferior calcularase a media e sobre esta aplícase o traballo realizado a partires do 15 de maio .</p> <p>Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.</p>	1ª	2ª	Media	50% ou +	- do 50%	7	5	6	7	6	6	5	5,5	6	5	8	9	8,5	9	8
1ª	2ª	Media	50% ou +	- do 50%																	
7	5	6	7	6																	
6	5	5,5	6	5																	
8	9	8,5	9	8																	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Todas as actividades a realizar buscarán o traballo, dentro das posibilidades actuais, das habilidades motrices básicas (desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións). Se pretenderá en todo momento traballar dende o xogo e a imaxinación, o traballo manipulativo e a creatividade.</p> <p>Proposta de traballo (modificable):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de xoguetes con material de refugallo - Táboa de retos relacionados coa actividade física - O camiño das letras (Letras Galegas) - O xogo da oca (actividades relacionadas coas HMB) - Xogo de serpes e escadas
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todos os contidos van ser subidos á <u>aula virtual</u>:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Algúns mediante tutoriais de descarga en vídeo, así como tamén con ligazón a unha canle de youtube, para poder visualizar a actividade. - Outras actividades serán mediante ligazón á plataforma interactiva Genially. <p>Do mesmo xeito, para o alumnado que así o precisa, será enviado de xeito <u>impreso</u>, as explicacións con fotografías para poder seguir os pasos (no caso dos vídeos), e material impreso da mesma actividade que o Genially (para facela en papel en lugar de interactiva).</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Material de refugallo (varias opcións, para conseguir que poidan facer algún dos xoguetes). - Material convencional dunha casa (cadeiras, cama, sofá, vasoira, latas, papel hixiénico, paredes...)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Todo o material se irá subindo semanalmente a aula virtual así como enviado impreso ao alumnado que así o precisa, ou por correo electrónico se o requirise.</p> <p>A titora estará informada da actividade, para poder informar dela nun plan xeral semanal, que cada luns comparte co seu alumnado.</p> <p>As charlas periódicas por Cisco Webex, tamén serán empregadas para ir informando e falando da actividade actual.</p> <p>Cada actividade recibida, é valorada mediante contacto (telefónico, correo electrónico ou aula virtual segundo o caso), para establecer un feedback co alumnado.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Adaptación da Programación Didáctica

Curso 2019-2020

CENTRO: CEIP APÓSTOLO SANTIAGO

CURSO: 1º

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN MUSICAL

DATA: MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Estándares de Aprendizaxe e Competencias Imprescindibles

Tirados do Perfil Competencial.

*Engadido posteriormente

Criterio de Avaliación	Estándar de Aprendizaxe Avaliable
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. CAA
	*EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. CD
B3.1. Realizar pequenas coreografías.	EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. CCEC
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. CCL
B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.2. Respecta as opinión dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado. CSC
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. CMCCT

2. Avaliación e Cualificación.

Avaliación e cualificación		
Avaliación	Procedementos:	Observación directa. Probas escritas. Análise das producións motrices, plásticas, escritas e musicais
	Instrumentos:	Rúbricas, Escalas de Estimación, Observación.
Cualificación final. Procedemento	Media das notas da 1ª e 2ª Avaliacións. Valoración do traballo da 3ª avaliación terase en conta a partir do 15 de Maio: Se o traballo realizado é 50% ou máis, a nota súbese á seguinte unidade, Se o traballo realizado non chega ao 50%, a nota redondéase nesa unidade.	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Creación do Blogue da Aula de Música: Música e Máis cousas (<https://lauramusicaemaiscousas.blogspot.com>)

Creación dun correo gmail, (lauramusicaemais@gmail.com) ao que poidan enviar materiais creados nas casas, no caso de carecer de medios. Foi creada esta conta por non contar con espazo suficiente no correo corporativo @edu.xunta.gal

Creación dunha modesta canle de You-Tube, para publicar material audiovisual accesible a tódolos tipos de dispositivos electrónicos, sen necesidade de descarga. (Só se publican imaxes da propia mestra, non imaxes dos nenos e nenas).

3º Trimestre		
Actividades	Audición activa. Repaso de contidos xa impartidos, ou que poidan ser traballados de forma autónoma polo alumnado. Propostas de actividades que poidan realizarse en familia e entre irmáns de diferentes cursos. Todas elas con materiais creados especificamente, en galego e adaptado aos coñecementos previos do alumnado.	
Metodoloxía	Alumnado con conectividade	Temario na Aula Virtual do Centro. Actividades na Aula Virtual do Centro. Cuestionarios en forma de xogos interactivos , que motiven a aprendizaxe.
	Alumnado con conectividade limitada ao móbil ou tableta	Creación de materiais e propostas no blogue da aula de música , sen necesidade de descarga. Creación e publicacións periódicas nunha canle propia de You-Tube , para facer accesible o material audiovisual, sen necesidade de descarga.
	Alumnado sen conectividade	Para o alumnado que precisara recuperar, envío de materiais fotocopiados .
Materiais e recursos	Creación de materiais didácticos en galego , específicos que poidan traballarse dende a casa. Creación de materiais interactivos como xogos on-line, para que poidan realizar aprendizaxes activas.	

4. Información e publicidade.

Información ao alumnado	Atención e resposta diaria aos correos e mensaxes da Aula Virtual, Edixgal e do correo do blogue.
-------------------------	--

Información ás familias	Atención diaria aos correos que chegan ao correo corporativo @edu.xunta.gal e @gmail.com Creación dun apartado de indicacións pedagóxicas para as familias, indicando o que se espera de cada actividade proposta, para que capten os obxectivos de cada proposta pedagóxica, no caso das actividades para os máis pequenos.
Publicidade	Publicación semanal no blogue, canle de You-Tube das actividades e novidades. Publicación na páxina web do centro Información dos criterios de avaliación por parte do centro

Laura Bello Paderne

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP APÓSTOLO SANTIAGO
CURSO: 1º PRIMARIA
MATERIA: ARTS
DATA: 07/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ARTS 1ºEP

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
EPB1.2 Valorar a limpeza, os materiais e o orden na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.	EPB1.2.1 - Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.
EPB2.1 Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	EPB2.1.2 - Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.
EPB2.1 Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	EPB2.1.3 - Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.
EPB2.2 Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	EPB2.2.2 - Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos: Análise da produción do alumnado. (utilizando diferentes medios como correo, teléfono ou aula virtual).

Instrumentos: Fichas de Rexistro das actividades.

Cualificación final

As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final.

Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma.

Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redóndese a esa unidade.

1ª	2ª	Media	50% ou máis	Menos do 50%
7	5	6	7	6
6	5	5,5	6	5
8	9	8,5	9	8

O alumnado que teña unha nota media inferior a cinco se a nota da segunda é 5 ou máis terase en conta a nota da segunda e sobre esta aplicarase o criterio anterior.

Se a nota da primeira é superior a cinco e segunda inferior calcularase a media e sobre esta aplícase o traballo realizado a partires do 15 de maio .

Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades serán de repaso e reforzo de técnicas traballadas durante o 1º e 2º trimestre con temáticas como as letras galegas, a reciclaxe e artistas importantes.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	As diferentes tarefas están colgadas na Aula virtual do centro, a través de documentos Pdf, vídeos, lingazóns Url entre outros. No caso do alumnado sen conectividade enviáselle esa mesma actividade nun paso a paso a través dun documento Pdf .
Materiais e recursos	Materiais de refugallo como tapóns, bolsas ou cartóns e tamén material escolar básico como lapis, papel e cores.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

O material e explicación da actividade súbese de forma semanal a Aula virtual do centro e para o alumnado sen conectividade de forma impresa.

O titor/a mantén un contacto coas familias que lle permite actualizar a información en relación á subida de actividades.

Unha vez feitas as actividades poden achegalas a través da Aula virtual, do correo electrónico ou telefónicamente.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: Ceip Apóstolo Santiago
CURSO: 1ºEducación Primaria
MATERIA: Relixión e Moral Católica

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Descubrir e apreciar que Deus é Pai e desexa o ben das persoas. Valorar e respectar as relacións de amizade. Nomear actitudes baseadas no amor e que fomentan unha boa amizade. Diferenciar entre accións correctas e incorrectas relacionadas coa mensaxe de amor. Amosar interese por coñecer mellor os amigos para aprender a coñecer máis e mellor a Xesús.</p>	<p>Respecta as relacións de amizade Sinala e representa as características da amizade de Deus co home: coidado, protección, acompañamento, colaboración...</p>
<p>Valorar o amor de Deus que desexa a felicidade dos membros da familia. Sinalar as actitudes positivas para unha boa convivencia familiar (amar, rir, axudar, abrazar, perdoar, dar grazas e colaborar). Amosar interese por aprender a aplicar na vida familiar valores e virtudes que xorden das ensinanzas de Xesús.</p>	<p>Coñece os membros da familia e identifica os membros da familia de Xesús. Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza da súa</p>
<p>Valorar e aprender de María, a nai de Xesús e nai de todos. Apreciar os valores cristiáns relacionados coa confianza e a esperanza</p>	<p>Sabe que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa. Identifica a María e Xosé como comunidade na que Deus se fai presente entre os homes.</p>
<p>Amosar interese por aplicar á propia vida os valores das ensinanzas de Xesús: compartir con alegría. Valorar e admirar os actos de xenerosidade cara aos demais.</p>	<p>Recoñece diversas manifestacións que expresan a loanza a Deus Pai.</p>
<p>Saber que a natureza é un agasallo de Deus Pai creador para as persoas. Identificar os elementos da natureza creados por Deus Pai e identificar a súa beleza. Coñecer cal é a actitude das persoas ante a Creación. Apreciar e admirar a Creación de Deus, que reflicte o seu amor polas persoas. Coidar e respectar a natureza como Creación de Deus.</p>	<p>Coñece, respecta a obra creada. Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.</p>
<p>Descubrir a Xesús como un amigo que chama a seguilo. Enumera accións que o Señor realiza para ser mellores fillos de Deus. Identificar as actitudes que seguen as ensinanzas de Xesús</p>	<p>Identifica as actitudes que seguen as ensinanzas de Xesús</p>
<p>Descubrir que Deus é Pai, ámanos e cóidanos. Valorar a importancia de coidar as demais persoas e de ser coidado por elas. Reflexionar sobre as propias accións para mellorar como persoa</p>	<p>Identifica o amor de Deus cara aos seres vivos. Valora o propio esforzo por mellorar como persoa</p>

coidando dos demais

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Seguimento da avaliación continua individualizada. Seguimento das tarefas realizadas polo alumnado. Valoración do esforzo realizado.																				
	Instrumentos: Aula Virtual, E-dixgal, correo electrónico, Webex, rúbricas.																				
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso: As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñen máis peso na nota final. Calcularase a nota media da primeira e da segunda avaliación e para valorar o traballo realizado terase en conta a partires do 15 de maio e farémolo da seguinte forma. Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente a nota súbese á seguinte unidade e no caso de ser menor da metade (menos do 50%) a nota redondéase a esa unidade.</p> <table border="1"><thead><tr><th>1ª</th><th>2ª</th><th>Media</th><th>50% ou máis</th><th>Menos do 50%</th></tr></thead><tbody><tr><td>7</td><td>5</td><td>6</td><td>7</td><td>6</td></tr><tr><td>6</td><td>5</td><td>5,5</td><td>6</td><td>5</td></tr><tr><td>8</td><td>9</td><td>8,5</td><td>9</td><td>8</td></tr></tbody></table> <p>O alumnado que teña unha nota media inferior a cinco se a nota da segunda é 5 ou máis terase en conta a nota da segunda e sobre esta aplicarase o criterio anterior. Se a nota da primeira é superior a cinco e segunda inferior calcularase a media e sobre esta aplícase o traballo realizado a partires do 15 de maio . Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.</p>	1ª	2ª	Media	50% ou máis	Menos do 50%	7	5	6	7	6	6	5	5,5	6	5	8	9	8,5	9	8
1ª	2ª	Media	50% ou máis	Menos do 50%																	
7	5	6	7	6																	
6	5	5,5	6	5																	
8	9	8,5	9	8																	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Colorea a escena da vida de Xesús, di que están facendo.- Debuxa a túa familia e escribe debaixo de cada quen o seu nome.- Colorea a frase: "A miña familia axúdame a medrar feliz".- Escribe unha frase na que expliques que fas ti par facer feliz a túa familia.- Pregunta na casa cal foi o canto de berce con que mamá ou papá adoitaban arrolarte cando eras cativ@. Escríbeo e debuxa a túa mamá ou ao teu papá contigo no colo.- Neste enlace tes actividades interactivas para traballar o día das letras galegas http://primaveradasletras.gal- Debuxa as túas amigas e amigos, escribe os seus nomes.- Xesús coida aos seus amigos. A miña familia cóidame a mín. <p>Colle anaquiños de papel e pégaos na cesta, despois colorea os peixiños</p> <ul style="list-style-type: none">- Nestes debuxos tes que rodear a escena ou escenas dos amig@s que comparten o xogo e riscar aos que non o fan.- Colorea a imaxe da Virxe María e débúxate ao seu carón.- Rodea as escenas que reflicten o coidado da creación.- Debuxa o elemento ou elementos que máis che gusten. Pode ser unha paisaxe, un animalíño, o que máis che guste a ti.- Nestes enlaces podes facer quebracabezas e tamén colorear online, e pasar un rato divertido <p style="text-align: center;">PUZZLE FAMILIA PUZZLE CREACIÓN COLOREAR CREACIÓN</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	A metodoloxía aplicada supón unha avaliación continua, global e formativa ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe, e sumativa ao final do proceso, de xeito que se avalíe o nivel do logro acadado, tendo en conta as circunstancias excepcionais deste curso. Traballase fundamentalmente a través da utilización de ferramentas Tic, de xeito que lles sexa útil ao alumno na busca de información ou na resolución das tarefas plantexadas procurando a integración na súa vida como ferramentas de construción e manipulación que forman parte da cultura e que hai que aprender a dominar e integrar.
Materiais e recursos	Fundamentalmente aula virtual, E-DIXGAL, correo electrónico, correo ordinario dende o centro, de xeito que todos teñan acceso a mesma actividade. Aínda que supón unha desigualdade enorme que uns teñan acceso a internet e outros non o que lles dificulta a realización das mesmas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través da web do cole, da aula virtual, de E-DIXGAL ou por correo electrónico.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.